

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE CULLEREDO**

*ANUNCIO de información pública sobre a formalización do convenio urbanístico de planeamento que se negociou e se asinou coa familia Ramallal, para a adquisición por este concello duns terreos co fin de executar a construción dun paseo fluvial no río Trabe.*

Tendo en conta o Auto do 19 de febreiro de 2024, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña, en que acordou despachar a execución da Sentenza do 20 de decembro de 2022, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sométese o convenio urbanístico ao trámite de información pública polo prazo dun mes, coa publicación de anuncios para tal fin no *Diario Oficial de Galicia*, nun dos xornais de maior difusión na provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no portal da transparencia municipal, para que calquera persoa interesada poida examinar o convenio urbanístico e formular as alegacións que procedan.

Durante o prazo que se cita, que conta desde o día seguinte ao da última publicación que se realice, poderase examinar o documento na Área de Urbanismo (na casa do concello, situada na rúa do Concello, número 12, Culleredo), de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas, para a súa consulta e para achegar cantos documentos ou escritos de alegacións xulguen convenientes.

Culleredo, 15 de marzo de 2024

O alcalde

P.D. (Resolución do 4.7.2023; BOP núm. 131, do 11 de xullo)

Marta María Iglesias Becerra

Concelleira delegada da Área de Urbanismo

